



Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	CONTESTACIÓN Á RESPOTA DO PROMOTOR AO INFORME DESTA DIRECCIÓN XERAL NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO CUNCA
Promotor	GREEN CAPITAL POWER,S.L.
Localización	CONCELLO VILA DE CRUCES (PONTEVEDRA)
Expediente	IN408A 2019/02
Nº informe	EOL_IN408A 2019_02_2BIS

SOLICITANTE: Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

FEITOS :

- O servizo de Enerxía e Minas da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 08/04/2021 e número de rexistro de entrada de de 2021/588878, presenta unha solicitude de informe en relación ao estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia.
- Con data 13/06/2022 a Dirección Xeral de Saúde Pública emite informe desfavorable sobre o proxecto.
- Con data 08/07/2022 e número de rexistro de entrada 2022/1449034 o Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía , Industria e Innovación da traslado da resposta do promotor ao informe desta dirección.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 37.2.i) da lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicítase informe a esta Dirección Xeral no ámbito das nosas competencias.

De acordo con todo o indicado, emítese o segundo informe.



INFORME:

Vista a documentación remitida polo promotor en contestación ao informe previo desta dirección xeral, e sen prexuízo das competencias atribuídas a outros departamentos e organismos na materia, púxose de manifesto que a información respecto as medidas correctoras para o efecto parpadeo de sombras, e tendo en conta os datos obtidos no estudo de modelización nos que algúns receptores superan en máis do dobre os valores límites establecidos para este efecto, non se inclúe como medida a programación da parada técnica temporal, para asegurar a ausencia de efectos negativos sobre á saúde da poboación, nos casos nos que se superan os limiares avaliados.

Tendo en conta o anterior, procede a emisión dun **informe favorable condicionado** á presentación, con carácter previo ao inicio das obras, das medidas correctoras para o efecto parpadeo de sombras proposta neste informe.

No caso de que a documentación e información relativa aos citados aspectos non se presentase no prazo indicado ou, presentada en prazo, entenderase que o estudo non cumpre cos requisitos desde o punto de vista sanitario.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental A subdirectora xeral de Programas de Control
de Riscos Ambientais para a Saúde

Manuel Álvarez Cortiñas

Ines Mato Naveira

